

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 31 DE MAIO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A EN FUNCIONS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta e un de maio de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 26 de maio de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2023**

De conformidade coas Bases e Baremo aprobados por este órgano na sesión celebrada o pasado día 27 de abril do corrente, e do acordado asemade na sesión do 12/05/23, o Concello procedeu a solicitar ante o Servizo Público de Emprego (SPE) unha ampliación da oferta presentada para a preselección

dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 350, do 18/05/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte nova relación de candidatos/as:

Enxeñeiro/a forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Bellas Vázquez, Vicente
- Costas Soliño, Rodrigo
- Jamardo Villamarín, Guadalupe
- López Sánchez, Reyes

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no Baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación o seguinte único candidato:

- Costas Soliño, Rodrigo (RE-E núm. 322, do 24/05/23)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte do candidato presentado dos requisitos establecidos nas Bases, admitíndoo ao proceso selectivo.

Procedeuse deseguido á valoración dos méritos do candidato admitido, co seguinte resultado:

CANDIDATO	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	TOTAL
Rodrigo Costas Soliño	0	0	1,50	1,50

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo (37,5 horas/semana), modalidade de mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, por un período de nove meses, do traballador que deseguido se sinala:

Enxeñeiro forestal

NOME E APELIDOS	DNI
RODRIGO COSTAS SOLIÑO	[REDACTED]

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

### 3.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. X XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

O concelleiro-delegado de Educación, Turismo, Comunicación, Patrimonio e Comercio Don Pablo Sobrado Vázquez traslada para coñecemento deste órgano os resultados do concurso da iniciativa “Rodeiro de tapas. X xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”, co seguinte resultado:

#### A/ Premios do xurado profesional (acta de data 13/05/23)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

ESTABLECEMENTO	PUNTUACIÓN MEDIA TOTAL
CASA ACHACÁN	205
CASA SÁNCHEZ	199
BRUXAS E CORUXAS	189
BAR DESITO	169
AS CARPINTEIRAS	167
A ESMORGA	165
O RECANTO	165
RESTAURANTE A LATIZA	164
PARRILLADA MARANTEIRO	156
CABALOS DO FARO	146
PUB GALLAECIA	141
BAR DACAL	117

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	CASA ACHACÁN	SATURNO
SEGUNDO	CASA SÁNCHEZ	MARIPURI
TERCEIRO	BRUXAS E CORUXAS	VEDOIRA DO FORNO

#### B/ Premios do público (reconto efectuado en data 27/05/23)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

	Locais	Nº papeletas con 1 punto	puntos	Nº papeletas con 2 puntos	Puntos	Nº papeletas con 3 puntos	Puntos	Nº papeletas con 4 puntos	Puntos	Nº papeletas con 5 puntos	Puntos	Total Papeletas	puntos	Coefficiente
1.	Restaurante A Latiza. "Palomo"	0	0	1	2	36	108	78	312	203	1015	318	1437	4.518
2.	Casa Sánchez. "Maripuri"	0	0	2	4	13	39	85	340	364	1820	464	2203	4.747
3.	Cabalos do Faro. "Pastel de carrifeira"	11	11	17	34	48	144	47	188	78	390	201	767	3.815
4.	Casa Achacán. "Saturno"	8	8	1	2	10	30	43	172	283	1415	345	1627	4.715
5.	Parrillada Maranteiro. "Laconada"	0	0	4	8	15	45	53	212	184	920	256	1185	4.628
6.	Bar Dacal. "O Nórdico"	16	16	20	40	50	150	46	184	94	470	226	860	3.800
7.	Bar Desto. "Tostón relleno"	2	2	6	12	21	63	44	176	199	995	272	1248	4.588
8.	Pub Gallacia. "Tortillaco"	11	11	15	30	57	171	84	336	179	895	346	1443	4.170
9.	Bruzas e Conzas. "Vedeira do forno"	4	4	13	26	20	60	67	268	133	665	237	1023	4.316
10.	As Carpinteras. "Matisa sin prisas"	1	1	3	6	32	96	66	264	194	970	296	1337	4.516
11.	A Esmorga. "Arepa Galega"	3	3	11	22	47	141	105	420	208	1040	374	1626	4.347
12.	O Recanto. "Seruto de Río"	2	2	8	16	22	66	51	204	145	725	228	1013	4.4442

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	CASA SÁNCHEZ	MARIPURI
SEGUNDO	CASAACHACÁN	SATURNO
TERCEIRO	PARRILLADA MARANTEIRO	LACONADA

#### 4.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE "CONCILIA VERÁN 2023" DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería de Cultura, Infancia, Igualdade, Medio Ambiente e Voluntariado do Concello vai programar unha actividade denominada "Concilia verán 2023", que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de verán. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexeráse polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.

- ✓ A actividade desenvolverase dende o día 22 de xuño ata o día 7 de setembro (ambos incluídos), de luns a venres, agás días festivos. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do período non lectivo de verán.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 08:30 a 14:30 horas na biblioteca do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” e nunha aula do CPI de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade establécese entre os días 1 e 14 de xuño de 2023 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata o día 15 de xullo para acudir nos meses de agosto e setembro e ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 45 prazas para cada mes de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos en situación de desemprego de longa duración, ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda, e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenadas de menor a maior renda.
- ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos.

## ***5.- ACEPTACIÓN DA ACHEGA CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON CARGO AO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL***

Por Resolución de data 29 de maio de 2023, a directora xeral de Administración Local acordou conceder a este Concello unha subvención por importe total de 140.000,00 € para o financiamento do proxecto denominado “*Cambio de cuberta e instalación solar fotovoltaica para autoconsumo no polideportivo do Concello de Rodeiro*”, ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no

artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 34, do 17/02/23)..

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aceptar a achega concedida e as condicións contidas na orde reguladora e na resolución de concesión.

#### ***6.- DISTRIBUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE ALIMENTOS 2023, PROCEDENTES DE EXCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA***

VISTO o informe-proposta realizado pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, en data 23/05/23, para a concesión e repartición da primeira fase do Plan de alimentos 2023, procedentes de excedentes da Unión Europea e xestionados pola Cruz Vermella Española, entre once (11) unidades familiares do Concello que se atopan nunha situación económica precaria e cumpren cos requisitos de acceso establecidos nas correspondentes Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2013. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar a devandita proposta e o reparto dos alimentos cedidos entre as familias necesitadas.

#### ***7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 7 E FINAL DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON***

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 7 e final correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”, incluída no Programa REACPON, por importe de CORENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (48.247,85 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 48.247,85 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 0168 (FACe), de data 26/05/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## 8.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 25 de maio de 2023 o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra ditou sentenza, en autos de procedemento ordinario núm. [REDACTED], co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“Estimo parcialmente el recurso contencioso seguido ante este juzgado como PO 61/2019 a instancia de José Carlos Diéguez y Edita Conde Diéguez frente al Concello de Rodeiro contra la desestimación presunta, por silencio, del recurso de reposición y subsidiario de revisión de actos nulos de pleno derecho presentado el 20.07.2018 ante el Concello de Rodeiro, contra todas las licencias de obras y actividad concedidas a Ganadería Proas Darriba SC para la construcción y funcionamiento de cortes de vacuno en el lugar de Vila, parroquia de Rodeiro, así como de la denuncia urbanística formulada frente a la actividad desarrollada en ese establecimiento (de 20.7.2018). Con condena al Concello en los términos que contiene el último párrafo del FJ 2º de esta sentencia; sin condena en costas”*.

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## 9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI 1.780,00 €  
Por transporte de menores participantes no programa “*Vacacións en Paz 2023*”, s/factura núm. 6 (FACe) – Convenio autorizado por este órgano con data 18/05/23.
- INDUSTRIAS VAYRO 2011 S.L. 3.254,90 €  
Por traballos de reposición de carpintería metálica de aluminio na antiga casa-escola da Latiza, s/factura núm. A230081 (FACe).
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 227,48 €  
Por subministro de reixas para Pedroso, s/factura núm. 44.
- HORMIGONES CARRAL S.L. 1.651,43 € E 969,20 €  
Por subministro de formigón para obras municipais, s/facturas núm. A231710 e A231711 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 6.184,94 €  
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000332 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 4.303,92 €  
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000063 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,  
(*sinatura dixital*)